

DECRETO

Con data de 23 de febreiro de 2018, foron aprobadas as Bases específicas reguladoras da convocatoria para a selección como funcionario/a interino/a, por programa proxecto de carácter temporal (art. 10.1.c), RD Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, Programas de carácter temporal, para o nomeamento de Técnico/a Coordinador/a do Programa de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado “Ría Ferrol 2020”

Realizadas as fases de concurso e de oposición, con data 25 de maio publícanse as cualificacións finais do proceso selectivo e a proposta de nomeamento por parte do Tribunal Cualificador.

E, de conformidade ás competencias conferidas á Alcaldía-Presidencia polo artigo 21.1, da Lei 7/85 de 2 de abril, en redacción da Lei 11/99, de 21 de abril..

En virtude do exposto, resolvo:

Primeiro.- Dispoñer o nomeamento de **Dona Azucena Pol Fernández**, para o posto de T. Coordinador/a do Programa “DUSI “Ría de Ferrol 2020”, en réxime de persoal funcionario interino por programa/proxecto, grupo clasificatorio A1, de conformidade ao reflectido nas bases reguladoras, consonte ó art. 10.1.c) do RD Lexislativo 5/2015.

Quedando os demais aspirantes, segundo orde de prelación de puntuacións totais, para casos de renuncia, ausencias, rexeitamentos ou similares.

Así o manda e asina o Alcalde-Presidente na data abaixo indicada.

O ALCALDE

Comprobado e conforme.
A xefa de negociado